

LEYLA ESPAÑOLA S.A.

Faixas e tecidos elásticos

(1961-1987)

A través dunha xuntanza, que tivo lugar no Centro Sociocultural do Castiñeiríño o día 19 de setembro de 2022; Adelina, Lucía, Laura e Victoria, ex traballadoras de Leyla S.A., rescataron, en conxunto, as súas lembranzas da época fabril.

Leyla Española S.A. foi unha fábrica téxtil ubicada na Rúa do Restollal que estivo en funcionamento dende o ano 1961 ata o 1987. Foi fundada por un emigrante retornado da Arxentina, Don Edelmiro Gerardo Vence Patao e nela traballaron máis de cincuenta persoas, a gran maioría, mulleres.

As traballadoras entrevistadas tiñan entre 13 e 18 anos no momento no que entraron na fábrica, ben por cercanía co xefe ou ben por recomendación. Residían en diferentes lugares da cidade (Cornes, Santa Lucía, Calo, Aríns...), polo que era común, sobre todo no inverno, que foran xuntas ao traballo. Aseguran que non tiñan medo pese a obscuridade da rúa, sen embargo, nunca ían soas. Neste espazo fabril, as traballadoras desenvolvían todo o proceso productivo das prendas. Erguíanse cedo para estar nos seus postos ás 8 da mañá. Vestían cadansúa bata branca e cando o timbre daba o sinal, comezaban a traballar. As tarefas consistían principalmente no tecido, confección e empaquetado das pezas de lencería.

Adelina comezou traballando no repaso de pezas e na plancha, mais pronto pasou ao posto de corte coa circular. No caso de Lucía, entrou sendo moi nova, polo que ao comezo ocupábase de revisar que as pezas estiveran ben executadas. Logo de acadar experiencia, non se separou da máquina de coser. Laura era coñecida como "a da plancha", pero o certo é que non paraba quieta en todo o día, xa que era a encargada de "oficios varios". Victoria entrou directa a máquina de coser, sen embargo, logo ocupou o posto de empaquetado.

Cada traballadora ocupaba sempre o mesmo posto, dende as 8h ata ás 13h. A esta hora o timbre tocaba de novo e ían á casa a facer de comer. Algunha era moi nova, polo que tiñan a sorte de ter a comida feita cando chegaba á casa; no caso das mulleres que vivían de xeito independente, era o momento de facer as tarefas do fogar. As 15h volvían e marchaban ás 19h. Os sábados traballaban só de mañás, e os domingos descansaban.

O salario variou, mais Victoria asegura recibir 800 pesetas o primeiro ano que traballou alí, en 1961. Mentres que Laura recorda ter cobrado 300 pesetas na primeira quincena, en 1965. O espazo onde traballaban era unha nave fría, de dúas plantas. No soto atopábanse os teares, as circulares e as tecedoras en xeral. A planta baixa estaba destinada ás demais tarefas, é dicir, á confección, o empaquetado, etc.

Ao traballar con máquinas, era un espazo moi barulleiro, e non estaba permitido falar na xornada laboral. Non obstante, aseguran que falaban constantemente, incluso cantaban e, en multitude de ocasións, escoitaban as telenovelas de Ama Rosa.

Todas as presentes aseguraron que os anos nos que traballaron alí foron os máis felices, xa que había moi boa convivencia entre elas. Era un orgullo ter un traballo co que poder manterse por elas mesmas e ser, deste xeito, independentes. Gañar e gastar o seu propio salario.